



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 01 DE MARZO DE 2021

### **1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/405/2020.**

**Autorizar excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade e conceder licenza para as obras de mellora de accesibilidade con instalacion de ascensor.**

Acórdase autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAN PEDRO DE MEZONZO 10-12 para OBRAS DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE CON INSTALACION DE ASCENSOR no edificio situado na RÚA DE SAN PEDRO DE MEZONZO 10-12 SANTIAGO DE COMPOSTELA ( A CCORUÑA) (CASAS DE RAMÍREZ).

Acórdase remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

Apróbase CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAN PEDRO DE MEZONZO 10-12, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución; para OBRAS DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE CON INSTALACION DE ASCENSOR no edificio situado na RÚA DE SAN PEDRO DE MEZONZO 10-12 SANTIAGO DE COMPOSTELA ( A CORUÑA) (CASAS DE RAMÍREZ), cun orzamento de execución material de 121.157,30 euros.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/589/2020.**

**Licenza para rehabilitacion de edificacion para vivenda unifamiliar**

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución; REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA VIVIENDA UNIFAMILIAR na RÚA SAR (DE), 9 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 89.602,54 euros.

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/2155/2019.**

**Licenza para a segregacion de local .**

Acórdase CONCEDER a HERMANOS NUÑEZ MENDEZ Y OTROS, CB, licenza de SEGREGACION DE LOCAL na RUA XENERAL PARDIÑAS (DO), 29 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), segundo o proxecto presentado na data 18/12/2019, nas seguintes fincas:

- LOCAL TRES-CUATRO A, de superficie 38,15m<sup>2</sup>u + 39,90m<sup>2</sup>u.
- FINCA RESULTADO LOCAL TRES-CUATRO B, de superficie 44,56m<sup>2</sup>u e 32,40 m<sup>2</sup>u

#### **4. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: xob/637/2019.**

##### **Aprobación do proxecto de remate do tratamento arquitectónico do límite leste da Alameda (muro da rúa Pombal) fase 1**

Apróbase o proxecto técnico de REMATE DO TRATAMENTO ARQUITECTÓNICO DO LÍMITE LESTE DA ALAMEDA (MURO DA RÚA POMBAL) FASE 1, presentado con data 29/07/2020.

##### **ORZAMENTO**

O.E.M. (Orzamento de Execución Material): 256.017,69 euros

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.): 304.661,05 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E: **ORZAMENTO TOTAL 368.639,87 EUROS** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución previsto é de tres (3) meses. Este prazo establécese á marxe de posibles retrasos na execución da obra por falta de dispoñibilidade da totalidade do ámbito de intervención por parte da empresa adxudicataria causada por calquera condición allea á empresa que xustifique unha prolongación da execución do contrato. Neste caso, á vista das novas condicións establecidas, o Concello e a empresa adxudicataria pactarán os novos prazos correspondentes coherentemente cos tempos e ritmo de execución ofertados no seu día no correspondente plan de obra.

A **intervención** consiste en planear a actuación sobre unha franxa que permita resolver o borde que constitúe este límite do parque. Este planeamento afecta tanto a terreos do parque, de titularidade pública, como a parcelas privadas que na normativa urbanística estaban recollidas como zonas de ampliación de este.

Nesta Fase 1 actuarase na zona de titularidade pública, centrándose nunha superficie que inclúa todos aqueles elementos que son de obrigada execución neste momento e que teñen que garantir as cuestións referidas á seguridade, o acceso e a comunicación nesta zona.

O novo muro proxéctase cun aspecto similar como continuación do existente contando, iso si, con medidas construtivas adicionais que garantan a seguridade estrutural. Este muro vertical continúa ata a altura do número 14 da rúa Pombal, punto no que se localiza unha pequena mina ou manancial de auga na parcela superior (Fase 2).

Tamén se fai necesario o perfilado de novos noiros en toda a parte superior completándoos cun novo tratamento vexetal.

A proposta obriga á execución de novas instalacións, basicamente resolvendo a conexión das augas pluviais e as procedentes do drenaxe do terreo coa instalación xeral de saneamento, e planeando unha nova solución para o alumeadado público na zona afectada.

##### **Actuacións previstas**

A proposta suporá a execución dos seguintes traballos:

- Actuacións previas de demolición
- Movemento de terras
- Construción de muros e drenaxes
- Pavimentos
- Acondicionamento vexetal

#### **5. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: PRAZAS DA ORA E RESIDENTES.**

##### **Reestructuración de prazas da ora nas rúas: San Roque, Doutor Angel Jorge Echeverri, Xasmíns, Doutor Maceira, Avda. de Ferrol (primeiro tramo), Bonaval e Feáns.**

Acórdase ampliar a zona ORA cara o sur, concretamente cara ás rúas Doutor Maceira (entre as confluencias das rúas García Prieto e Avda. de Ferrol) e a Avda. de Ferrol (entre as confluencias das rúas Doutor Maceira e Romero Donallo), xa que estas prazas de aparcamento están a ser utilizadas por usuarios doutros concellos que se achegan o centro comercial da cidade.

Neste caso propónse a transformación destas prazas de libre estacionamento en prazas de

aparcamento regulado (de carácter xeral), concretamente no tramo da Avda. de Ferrol comprendido entre as rúas Romero Donallo e Doutor Maceira, e a rúa Doutor Maceira entre García Prieto e a Avda. de Ferrol. Como se pode observar o que se pretende e engadir a mazá descrita ao estacionamento regulado do Ensanche, dada a vinculación destas rúas coa actividade do mencionado ámbito. Así mesmo na último tramo da rúa dos Feáns, antes da Avda. da Coruña, existen 5 prazas de estacionamento sen ningún tipo de regulación, tal e como temos comentado anteriormente, a existencia de estas pequenas “illas” sen regulación nun entorno global de ORA, provoca gran cantidade de tráfico parásito, xa que non só se busca a gratuidade do estacionamento, senón que neste caso concreto, son prazas que se poden situar xa no propio centro do Ensanche, e que ao non estar reguladas, carece de control horario, o que unha vez máis nos leva a un reparto falto de equidade do espazo público. Dado que estas prazas se atopan nun entorno de estacionamento de longa duración entendemos que deberían manter a mesma condición.

## 6. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/71/2004.

**Revisión de prezos do contrato de xestión do servizo de recollida de RSU, limpeza viaria, explotación de puntos limpos e mantemento de contenedores e papeleiras de Santiago de Compostela, coa empresa URBASER SA - CON/71/2004.**

Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión por concesión administrativa do Servicio de Recollida de Resíduos Urbanos e Limpeza Viaria do Concello de Santiago á empresa URBASER SA, nos termos contidos no informe emitido polo Inspector Técnico de Servizos que se indican a continuación:

IPC REVISIÓN 2020: 0,80%

### CANON 2020

1 XANEIRO - 10 ABRIL

CLASE	ANO 2019		REVISIÓN		SUMA	CONCI. (1)	G.X. e B.I (2)	10% IVE
	C. FIXOS	C. VARIABLES	C. FIXOS	C. VARIABLES				
SERVIZOS COMÚNS	-	647.756,38	-	652.938,43	652.938,43	662.732,50	702.530,81	772.783,89
RECOLLIDA RSU	56.441,59	2.382.357,08	56.441,59	2.401.415,94	2.457.857,53	2.494.725,39	2.644.538,24	2.908.992,07
LIMPEZA VIARIA	545,63	3.447.664,04	545,63	3.475.245,35	3.475.790,98	3.527.927,84	3.739.786,40	4.113.765,04
P. LIMPOS/REGO F.	-	187.704,56	-	189.206,20	189.206,20	192.044,29	203.576,90	223.934,59
<b>ANUAL</b>	56.987,22	6.665.482,05	56.987,22	6.718.805,91	6.775.793,13	6.877.430,03	7.290.432,35	8.019.475,59
<b>MENSUAL</b>	4.748,94	555.456,84	4.748,94	559.900,49	564.649,43	573.119,17	607.536,03	668.289,63
<b>ATA 10 DE ABRIL</b>	15.829,78	1.851.522,79	15.829,78	1.866.334,98	1.882.164,76	1.910.397,23	2.025.120,10	2.227.632,11
(1) CONCIENCIACIÓN	1,50%							
(2) G.X. e B.I.	6,00518400%							
<b>C. de CONCIENCIACIÓN:</b>					<b>28.232,47</b>			
							Ata 10 Abril	100 días

## 7. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/193/2007.

**Prórroga de aluguer do local sito na rúa Santa Cristina nº 22 baixo para uso sociocultural na zona do casco histórico. CON/193/2007**

Acórdase prorrogar o contrato de alugamento do local de 90 m<sup>2</sup> sito na Rúa Santa Cristina nº 22 baixo para uso sociocultural do Casco Histórico, polo prazo de SEIS MESES a contar desde o 1 de abril de 2021 ata o 30 de setembro de 2021.

Respecto á revisión de prezos, o arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro durante esta prórroga contractual.

Importe **mes 788,28 € + IVE (953,82 euros)**.

Anualidade 2021 IVE incluído: (1-abril-2021 ata 30-setembro-2021): **5.722,92 €**.

## 8. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/57/2018.

**Resolución do contrato de execución das obras de “Mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras” CON/57/2018**

Acórdase desestimar as alegacións formuladas pola empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL ao expediente de resolución do contrato de execución das obras de “MELLORA DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS E SOCIAIS NA PARROQUIA DE FIGUEIRAS” iniciado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de decembro de 2020 ao quedar acreditado no expediente que o atraso deriva da súa falta de previsión durante a preparación da oferta no proceso de licitación ao non concertar entón o provedor da estrutura prefabricada definida no proxecto de execución.

A garantía definitiva constituída por importe de 10.540 euros será incautada e a empresa contratista deberá ademais indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan deste importe, que resultarán da tramitación do correspondente expediente contradictorio.

Acórdase tamén que, unha vez incorporados ao expediente os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais, solicitar o informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia consonte ao establecido no artigo 191.3 da LCSP, con carácter previo á adopción do acordo de resolución do contrato e acordar a suspensión deste procedemento polo tempo que medie entre a petición do informe do Consello Consultivo e a súa emisión ao amparo do establecido no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas

#### **9. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/74/2018.**

##### **Devolución de fianza servizo de arranxo de dous vehículos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela. CON/74/2018**

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, *RICARSAT SL*, CIF: B15902497, por importe de **1.642,50** euros para responder do contrato de “**Arranxo de dous vehículos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela**” .

#### **10. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/32/2019.**

##### **Recepción de obra “Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Grixoa. POS + 2019” CON/32/2019**

Acórdase que se autorice o inicio de trámites para proceder a recepción das obras, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

#### **11. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 4ª Prorroga PV13-16.**

##### **Dar conta da addenda de ampliación do prazo de execución ata o 31 de decembro de 2022 da totalidade dos acordos de Comisión Bilateral asinados ao amparo do Plan de Vivenda 2013-2016.**

Dase conta da sinatura con data 3 de febreiro de 2021 da “Addenda para a modificación dos Acordos de Comisión Bilateral relativos ás áreas de rexeneración e renovación urbanas na comunidade autónoma de Galicia. Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013 2013-2016, e a súa prórroga”.

O Concello de Santiago de Compostela ten asinados no marco de desenvolvemento do Plan Estatal de Vivenda 2013\_2016 os seguintes acordos das distintas áreas de rehabilitación integral declaradas no termo municipal:

ACORDOS ASINADOS o 14 de marzo de 2015:

- Fase 13ª do Casco Histórico

ACORDOS ASINADOS o 27 de outubro do 2015:

- Fase 14ª do Casco Histórico
- Fase 7ª do Polígono de Vista Alegre
- Fase 4ª do Barrio de Pontepedriña Grupo de Vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios

ACORDOS ASINADOS o 26 de outubro do 2017:

- Fase 15ª do Casco Histórico
- Fase 8ª do Polígono de Vista Alegre
- Fase 5ª do Barrio de Pontepedriña Grupo de Vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios
- Fase 1ª do Barrio de Vite

A vixencia destes acordos foron sucesivamente prorrogados (addendas de 17 de xaneiro de 2017, 4 de xullo de 2018 e 18 de marzo de 2020) ata o 31 de decembro de 2020.

Con data 22 de decembro de 2020, o Concello solicita ao IGVS (XGL 21/12/20) a prórroga do prazo de execución destes acordos, de acordo ao (BOE 10/12/20) Real decreto 1084/2020 (do 9 de decembro) polo que se modifica a disposición transitoria primeira do Real decreto 106/2018 (do 9 de marzo) polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, ata o 31 de decembro de 2022.

## **12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00008537L.**

### **Dacion de conta de sentenza PA 60/2019 CA1**

Dase conta da sentenza nº 0442/2021

Demandante: Europcar IB SA

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo provocados por bolsa de auga no periférico SC-20.

Contía: 9.049,12 €.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O xulgado declara a non admisión do recurso por falta de lexitimación pasiva do Concello:

1. Porque segundo acreditan documentalmente o Concello e o Ministerio de Fomento, o tramo no que ten lugar o accidente é de titularidade estatal.
2. Porque non obstante a titularidade municipal do servizo de saneamento, non se acredita pola demandante que as bombas de achique sexan municipais; e, en todo caso, é responsabilidade da titular da vía garantir o correcto funcionamento das conexións daquela coa rede municipal de saneamento.

## **13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00008528X.**

### **Dación en conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 282/2018 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm.1.**

Dase conta da sentenza nº 041/2021

Obxecto: desestimación de devolución de ingresos indebidos.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Os demandantes viñan pagando o IBI dun inmovible que seguía sendo emitido a nome da súa anterior propietaria. Ao regularizar a titularidade catastral, o Concello xirou novos recibos, por exercicios xa abonados, agora a nome dos demandantes; razón pola que aqueles solicitan a devolución dos primeiros.

O Concello, aínda que recoñecendo a duplicidade do pago, desestimou a solicitude porque nestes supostos de duplicidade, a LXT determina que son os herdeiros do titular no recibo os que posúen a lexitimación para solicitar a devolución.

No acto de xuízo, a Asesoría engadiu a isto que o procedente tivera sido, con ocasión da emisión dos segundos recibos, solicitar a súa compensación cos pagados, ao ser do mesmo importe.

O xulgado non só rexeita este argumento por non ter sido exposto na vía administrativo; senón que recoñece o dereito á devolución, sen pronunciarse sobre a esixencia da Lei Xeral Tributaria de que sexan os herdeiros, e non outros, os que poidan solicitar aquela.

**14. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00008530N.**

**Dación de conta de sentenza nº 42/2021**

Dase conta da sentenza nº 042/2021

PA 426/2018 CA1

Demandante: Agrupación Mutual Aseguradora e particular.

Obxecto: responsabilidade patrimonial por fochanca na Rúa García Prieto

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Desta volta, o xulgado estima a demanda presentada pola titular do vehículo e a súa aseguradora porque, non obstante tratarse dunha fochanca de grandes dimensións e ser perfectamente visible, precisamente estas dimensións facían imposible evitar a fochanca ao circular co vehículo.

O xulgado non se pronuncia sobre o argumento subsidiario presentado polo Concello: se tan visible era a fochanca, a condutora tiña a obriga de adaptar a conducción ás circunstancias da vía e, no seu caso, cambiar de vía.

**15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00007950F.**

**Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 333/2020 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2**

Dáse conta da sentenza nº 49/2021

Obxecto: Recurso contencioso-administrativo contra a decreto de Concelleiro delegado de mobilidade e seguridade que desestima alegacións e impón sanción de 200 euros por infracción ordenanza xeral de rúidos.

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais, pois estima o recurso e anula o acto administrativo impugnado ao considerar que o concello no procedemento sancionador non aportou unha proba de cargo con alcance e valor probatorio suficiente, o que afecta á presunción de inocencia.

Ante as dificultades atopadas pola defensa do concello para proponer como testemuñas aos axentes denunciante e á vista do fundamento xurídico segundo da sentenza, recoméndase que no sucesivo se achegue aos expedientes sancionadores unha ratificación detallada da denuncia dos axentes denunciante. Contra dita sentenza non cabe interpor recurso ningún.

**16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00008538C.**

**Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 304/2018 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1**

Dase conta da sentenza nº 043/2021

Demandante: Ilustre Colexio Avogados de Santiago

Obxecto: liquidación IBI por revalorización catastral.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O ICA de Santiago impugnou as liquidacións complementarias en concepto de IBI, pola revalorización catastral da súa sede, polos exercicios 2014 a 2017. A demanda fundamentábase nunha recente xurisprudencia do Tribunal Supremo que permite, en determinados supostos, impugnar a nova valoración do inmovible, competencia de Catastro, con ocasión da emisión dos recibos xirados polos concellos.

Non obstante, no presente caso quedou acreditado que o Catastro tiña notificado ao ICA a nova valoración do inmovible, non impugnándoa ante o Tribunal Económico, que sería o preceptivo nestes casos, razón pola que o recurso é desestimado polo xulgado.

**17. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00008804X.**

**Dar conta da resolución da Xunta de Galicia de outorgamento da concesión de dominio público en favor do concello de Santiago, sobre os terreos e instalacións da estación de autobuses de Santiago, integrada na estación intermodal; sitios na rúa Clara Campoamor.**

Dase conta da resolución de 17.2.21, da Consellería de Infraestructuras e Mobilidade da Xunta de Galicia, de outorgamento da concesión de dominio público en favor do concello de Santiago, sobre os terreos e instalacións da estación de autobuses de Santiago, integrada na estación intermodal; sitios na rúa Clara Campoamor.

**18. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00008804X.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 19 ao 25 de febreiro de 2021.**

Dase conta.